



GOBERNO DE ESPAÑA

SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN LUGO

Anuncio

Resolución de 12 de febrero de 2026, de la Subdelegación del Gobierno en Lugo, sobre delegación de determinadas competencias en materia de extranjería.

Desde la publicación de la Resolución por la que el Subdelegado del Gobierno en Lugo delega determinadas competencias en el Comisario Jefe Provincial de Lugo y Comisarios Jefes de las Comisarías Locales de Monforte y Viveiro (Boletín Oficial de la Provincia de Lugo de 14 de diciembre de 2001), la normativa de extranjería ha sufrido diversas y profundas modificaciones. La Ley Orgánica 4/2000, de 11 de enero, sobre derechos y libertades de los extranjeros en España y su integración social, ha sido modificada en sucesivas ocasiones por distintas leyes orgánicas. Lo mismo ha sucedido con el Reglamento de ejecución de esta ley, inicialmente aprobado por el Real Decreto 864/2001, de 20 de julio, y modificado posteriormente en diferentes ocasiones, hasta la publicación del Real Decreto 1155/2024, de 19 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley Orgánica 4/2000, de 11 de enero, sobre derechos y libertades de los extranjeros en España y su integración social, actualmente vigente y que deroga el anterior.

Estos cambios normativos hacen aconsejable actualizar la delegación de competencias mencionada, en aras de una mayor concreción y seguridad jurídica, pues si bien permanecen los fundamentos iniciales de la delegación realizada, ha variado tanto su referencia normativa como la necesidad de incluir nuevas realidades surgidas de la adecuación de las normas nacionales al derecho de la Unión Europea. Por otro lado, la experiencia adquirida en los años de gestión en materia de extranjería ha puesto de manifiesto una serie de circunstancias por las que se considera conveniente actualizar esta delegación de competencias con la finalidad de agilizar la resolución de los expedientes e incrementar la eficacia de los diferentes órganos implicados, sin menoscabo de la seguridad jurídica y de los derechos de las personas extranjeras.

La Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, en su artículo 8, establece que la competencia es irrenunciable y se ejercerá por los órganos administrativos que la tengan atribuida como propia, salvo los casos de delegación o avocación. Asimismo, el artículo 9 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, dispone que, en el ámbito de la Administración General del Estado, la delegación de competencias deberá ser aprobada previamente por el órgano ministerial de quien dependa el órgano delegante. Cuando se trate de órganos no relacionados jerárquicamente será necesaria la aprobación previa del superior común si ambos pertenecen al mismo Ministerio, o del órgano superior de quien dependa el órgano delegado, si el delegante y el delegado pertenecen a diferentes Ministerios.

Por tanto, teniendo en cuenta los principios recogidos en el artículo 103 de la Constitución Española y en el artículo 3 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, y conforme al procedimiento establecido al amparo del artículo 9 de esta norma y de conformidad con el Real Decreto 273/2024, de 19 de marzo, por el que se desarrolla la estructura orgánica básica del Ministerio de Política Territorial y Memoria Democrática, se estima conveniente acordar la siguiente delegación de competencias, con la aprobación previa del Ministerio de Política Territorial y Memoria Democrática en cuanto superior del órgano delegante y la del Ministerio del Interior en cuanto superior del órgano delegado.

Por todo ello, dispongo:

Primero. Delegación de competencias en las personas titulares de la Comisaría Provincial de Lugo, y de las Comisarías locales de Monforte de Lemos y Viveiro.

Se delegan en las personas titulares de la Comisaría Provincial de Lugo y, en su respectivo ámbito territorial, de las Comisarías locales de Monforte de Lemos y Viveiro, las siguientes competencias en materia de extranjería a que hace referencia el Reglamento de la Ley Orgánica 4/2000, de 11 de enero, aprobado por el Real Decreto 1155/2024, de 19 de noviembre:

1. Expedir la autorización de regreso a las personas extranjeras que se encuentren en las situaciones previstas en el apartado 1 del artículo 5 del citado Reglamento.

2. Ordenar la devolución de las personas extranjeras que se hallaren en alguno de los supuestos recogidos en el artículo 23.1 del Reglamento.
3. Reconocer las resoluciones de expulsión de otros Estados miembros de la Unión Europea y Estados asociados Schengen en los términos previstos en el artículo 246 del Reglamento.
4. Conceder a las personas extranjeras los documentos de identificación provisional que habiliten para permanecer en España en los términos recogidos en el artículo 210.6 del Reglamento.

Segundo. Régimen jurídico.

1. La delegación de competencias acordada no supondrá la transferencia de la titularidad de la competencia sino únicamente su ejercicio.
2. Siempre que se haga uso de la delegación otorgada en la presente resolución se indicará expresamente esta circunstancia y las resoluciones que se adopten se considerarán dictadas por el órgano delegante.
3. La delegación será revocable en cualquier momento por el órgano que la haya conferido y no podrán delegarse las atribuciones que la misma confiere.
4. Las competencias delegadas por medio de la presente resolución podrán ser objeto de avocación en cualquier momento por la Subdelegada del Gobierno en Lugo como órgano delegante, de conformidad con lo establecido en el artículo 10 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre.

Tercero. Publicación y efectos.

La presente resolución se publicará en el «Boletín Oficial del Estado» y surtirá efectos a partir del día siguiente a su publicación, y será aplicable desde ese momento respecto de aquellos procedimientos administrativos que se encontrasen en tramitación sin haberse adoptado resolución.

Cuarto. Cese de efectos de anteriores resoluciones.

A partir de la entrada en vigor de la presente resolución quedará sin efecto la Resolución por la que el Subdelegado del Gobierno en Lugo delega determinadas competencias en el Comisario Jefe Provincial de Lugo y Comisarios Jefes de las Comisaría Locales de Monforte y Vivero, publicada en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo de 14 de diciembre de 2001.

Lugo, 12 de febrero de 2026.- La subdelegada del Gobierno en Lugo, Olimpia López Rodríguez.

R. 0454

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

EXPEDIENTES 2624/2025 E 2625/2025 ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. NOVEMBRO 2025.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 20 de xaneiro de 2026 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de novembro de 2025 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 10.399,95 €, correspondendo 1.117,20 € a libre concorrencia e 9.282,75 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fixase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de prema e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 10 de febreiro de 2026.- A alcaldesa – presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 0455

A FONSAGRADA

Anuncio

PADRÓNS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIROS CORRESPONDENTES AO SEXTO BIMESTRE DO 2025

Aprobado por Decreto de Alcaldía Núm. 2026-0107 de data 18-02-2026, o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e recollida de lixo correspondente ao 6º bimestre do exercicio 2025, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 19-02-2026 ao 19-04-2026. Para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro serán lles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

Contra o acto de aprobación do padrón os interesados poderán interpoñer en vía administrativa, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante o órgano competente, de acordo con canto establece o artigo 14 do TRLRHL. A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico – administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 19 de febreiro de 2026.- O alcalde-presidente, D. Carlos López López.

R. 0456

FOZ

Anuncio

Expediente núm.: 1573/2022

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

RESOLUCIÓN

Vista a resolución de alcaldía de aprobación de bases de 17 de decembro de 2024, para a provisión mediante oposición de unha praza de auxiliar de servizos múltiples, instalacións deportivas para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 6409.

Vista a acta emitida polo Tribunal Cualificador en relación ao proceso selectivo para a praza de auxiliar de servizos múltiples, instalacións deportivas no Concello de Foz, que se transcribe a continuación:

“O Tribunal, á vista das cualificacións finais obtidas, propón a Alcaldía nomear a ANTONIO VIJANDE LEGAZPI, para ocupar a praza de auxiliar de servizos múltiples e instalacións deportivas no Concello de Foz, ao obter a maior cualificación final.

O Tribunal, para cumprimento do sinalado nas bases 12 e 13, co fin de asegurar a cobertura de vacantes ou substitucións na mesma praza propón a seguinte e lista de emprego.

LISTAXE DE RESERVA:

JOSE LUIS MARTINEZ GEADA”

Vista a base décimo segunda das bases xerais que rexen o proceso, establécese que” Determinada a cualificación final dos aspirantes o Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía, sen que esta poida superar o número de prazas convocadas. Dita proposta publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.concellodefoz.es e no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica. A Alcaldía elaborará resolución declarando a relación definitiva de aprobados, na que constará o aspirante seleccionado, que será publicada no Boletín Oficial da Provincia. Esta relación definitiva de aprobados conterá tamén a orde de aspirantes non seleccionados que superaron o proceso selectivo e non resultaron seleccionados, para conformar a lista de emprego establecida nas presentes bases.”

De conformidade co disposto na base décimo terceira, e de conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. **RESOLVO:**

Primeiro.- Declarar a seguinte relación definitiva de aprobados: ANTONIO VIJANDE LEGAZPI, DNI Nº.: ***9725**, e listaxe de reserva : JOSE LUIS MARTINEZ GEADA DNI Nº.: ***9534**

Segundo.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.concellodefoz.es, no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica e no BOP, constando a advertencia de recordar ás persoas aspirantes propostas que deberán presentar, no prazo de 20 días hábiles, a documentación sinalada na base décimo cuarta das bases xerais, para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.

Terceiro.- Unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nas bases de convocatoria, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento como persoal laboral fixo, do candidato proposto.

Mándao e asíno en Foz (Lugo) o día da sinatura electrónica que se indica na marxe da presente, ante min , a Secretaria, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

Foz, 19 de febreiro de 2026.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío. A secretaria en acumulación, María Luz Balsa Rábade.

R. 0457

Anuncio

Expediente núm.: 1573/2022

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

RESOLUCIÓN

Vista a resolución de alcaldía de aprobación de bases de 17 de decembro de 2024, para a provisión mediante oposición de dúas prazas de oficiais para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 4027.

Vista a acta emitida polo Tribunal Cualificador en relación ao proceso selectivo para as prazas de oficiais para o Concello de Foz, que se transcribe a continuación:

“O Tribunal, á vista das cualificacións finais obtidas, propón a Alcaldía nomear a MOISES IGLESIAS FERNANDEZ e a ROBERTO LOPEZ PIÑEIROA , para ocupar as prazas de oficial no Concello de Foz, ao obter a maior cualificación final, por orde de puntuación. O Tribunal, para cumprimento do sinalado nas bases 12 e 13, co fin de asegurar a cobertura de vacantes ou substitucións na mesma praza propón a seguinte e lista de emprego.

LISTAXE DE RESERVA:

1º RICARDO GONZALEZ NOGUEIRA

2º JOSE LUIS MARTINEZ GEADA”

Vista a base décimo segunda das bases xerais que rexen o proceso, establécese que” Determinada a cualificación final dos aspirantes o Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía, sen que esta poida superar o número de prazas convocadas. Dita proposta publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.concellodefoz.es e no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica. A Alcaldía elaborará resolución declarando a relación definitiva de aprobados, na que constará o aspirante seleccionado, que será publicada no Boletín Oficial da Provincia. Esta relación definitiva de aprobados conterá tamén a orde de aspirantes non seleccionados que superaron o proceso selectivo e non resultaron seleccionados, para conformar a lista de emprego establecida nas presentes bases.”

De conformidade co disposto na base décimo terceira, e de conformidade co disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. **RESOLVO:**

Primeiro.-Declarar a seguinte relación definitiva de aprobados: MOISES IGLESIAS FERNANDEZ DNI Nº.: ***3564** e ROBERTO LOPEZ PIÑEIROA DNI Nº.:***9391**, e listaxe de reserva :1º RICARDO GONZALEZ NOGUEIRA ***7262**e 2º JOSE LUIS MARTINEZ GEADA ***9534**”.

Segundo.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.concellodefoz.es, no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica e no BOP, constando a advertencia de recordar ás persoas aspirantes propostas que deberán presentar, no prazo de 20 días hábiles, a documentación sinalada na base décimo cuarta das bases xerais,para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para as prazas convocadas.

Terceiro.- Unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nas bases de convocatoria, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento como persoal laboral fixo, dos candidatos propostos.

Mándao e asínoa en Foz (Lugo) o día da sinatura electrónica que se indica na marxe da presente, ante min , a Secretaria, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

Foz, 19 de febreiro de 2026.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío. A secretaria en acumulación, María Luz Balsa Rábade.

R. 0458

Anuncio

Expediente núm.: 2276/2023

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a resolución de alcaldía de aprobación de bases de 2 de outubro de 2025, para a provisión mediante oposición de unha praza de Cordinador/a lixo conductro/a para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 4045

De acordo coa Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as da convocatoria para a provisión de unha praza de Cordinador/a lixo conductro/a para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 4045 co seguinte alcance:

ADMITIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
DAVID GOMEZ OROZA	***9863**	EXENTO

SEGUNDO.- Elevar a lista a definitiva non habendo aspirantes excluídos.

TERCEIRO.- Designar o seguinte Tribunal cualificador:

MEMBROS	IDENTIDADE
PRESIDENTE	Vanessa Iglesias Sánchez. Técnica de medio ambiente do Concello de Foz.
SUPLENTE	Antonio Vizoso Hermida, Arquitecto do Concello de Foz.
VOCAL	Ramón Rodríguez Paleo. Coordinador Servizo de Obras do Concello de Foz..
SUPLENTE	Pablo Dorado Lanza. Aparellador do Concello de O Valadouro
VOCAL	Mario Mosquera Novo. Coordinador de xardinería do Concello de Foz.
SUPLENTE	Diego Hermida Varela. Arquitecto técnico municipal do Concello de Vilalba.
VOCAL	Jacobo Otero Fernández, Coordinador de Servizos Múltiples do Concello de Foz.
SUPLENTE	Cándido Nazario Rodríguez Gil, Xefe de Recadación do Concello de Foz.
SECRETARIA	María Salomé Rodríguez Varela. Orientadora Laboral do Concello de Foz.
SUPLENTE	Cristina Balseiro Fernández, Axente de Desenvolvemento Local, Técnica de Xestión do Concello de Foz.

CUARTO.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o mércores día 18 de marzo de 2026 ás 10:00 horas no salón de Plenos do Concello de Foz, para a súa constitución.

QUINTO.- Convocar aos aspirantes admitidos o mércores día 18 de marzo de 2026 ás 10:30 horas no Salón de Plenos do Concello de Foz, para o desenvolto do primeiro exercicio, en chamamento único, sendo excluídos/as da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

SEXTO.- Publicar no BOP, no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica a presente resolución na que consta a lista definitiva dos aspirantes admitidos/as e excluídos/as, aos efectos oportunos, e a data de convocatoria para o primeiro exercicio.

Mándao e asíno en Foz (Lugo), o alcalde, Francisco Cajoto Caserío, o día da sinatura electrónica que se indica na marxe da presente, ante min, a secretaria en acumulación, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

Foz, 19 de febreiro de 2026.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío. A secretaria en acumulación, María Luz Balsa Rábade.

R. 0459

O INCIO

Anuncio

Mediante Decreto de Alcaldía de data 23/02/2026, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección dun/ha **Auxiliar Administrativo/a**, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), durante 6 meses, ao abeiro do programa da Deputación Provincial de Lugo “*Reforzo do Emprego*” (Plan Deputación 2026).

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, de 09:00 a 14:00 horas, durante o prazo de **cinco (5) días hábiles**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Igualmente, as instancias poderán rexistrarse no Rexistro Electrónico Xeral do Concello do Incio (Lugo) (<https://concellooincio.sedelectronica.gal/>) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

As citadas bases publicaranse na sede electrónica deste Concello <https://concellooincio.sedelectronica.gal/> (taboleiro de anuncios) e no taboleiro de anuncios físico do Concello, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de atención ao público.

O Incio, 23 de febreiro de 2026.- O alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 0483

LUGO

Anuncio

PRIMEIRO.-A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 11 de febreiro de 2026 adoptou, entre outros, o acordo 5/36 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO A 2 PRAZAS DE TÉCNICO/A MEDIO/A DE XESTIÓN, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2023), en cuxa parte dispositiva se fai constar:

“PRIMEIRO.- Designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 PRAZAS DE TÉCNICO/A MEDIO/A DE XESTIÓN PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCION INTERNA (OEP DE 2023), do seguinte xeito:

Presidente:

- Dona Natalia Framil Rego, Xefa de Servizo do Órgano de xestión económico financeiro do Excmo. Concello de Lugo

Suplente: Don Fernando Prado Rodríguez, Adxunto do Servizo de Facenda Local do Concello de Lugo.

Vogais:

- Don César Castiñeira Muiña, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Isabel Villamor Cabado, Xefa de servizo de Desenvolvemento local do Concello de Lugo.

- Dona María Aranzazu Sastre Carracedo, Tesoureira do Concello de Lugo

Suplente: Don Luís Vazquez Parga, Interventor do Concello de Lugo.

- Dona Carmen Flores Pardo, Letrada municipal do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Isabel Ozorez Sieira, Licenciada en Dereito do Concello de Lugo.

Secretario/a:

- Dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: Don Justo Díaz Rodríguez, vicesecretario accidental do Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo aos/ás interesados/as facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente."

Lugo, 19 de febreiro de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.^a González Abelleira.

R. 0460

PANTÓN**Anuncio**

O día 4 de febreiro de 2026, mediante o Decreto 2026-0033, aprobouse o convenio de colaboración entre o Concello de Pantón e Iberik Augas Santas Balneario & Golf, que se publica para xeral coñecemento:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PANTÓN E IBERIK AUGAS SANTAS BALNEARIO & GOLF**INTERVEÑEN**

Dunha parte, José Luis Álvarez Blanco, co DNI 34.240.758-Z, na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Pantón, domiciliado en Praza do Concello 1, O Castro de Ferreira, e co CIF P2704100C.

Doutra parte, Santiago Villanueva Falque, co DNI 36.087.005-M, en representación de Iberik Augas Santas Balneario & Golf, domiciliado en Os Baños s/n, co CIF B27290717.

MANIFESTACIÓNS

- Que o Concello de Pantón ten entre os seus fins a promoción do benestar social e a calidade de vida dos seus veciños e veciñas, fomentando o acceso a servizos de saúde, ocio e benestar.
- Que Iberik Augas Santas Balneario & Golf é unha empresa dedicada aos servizos termiais, benestar e actividades deportivas, cunha recoñecida traxectoria no sector.
- Que ambas partes contan coa capacidade legal e os poderes suficientes para subscribir o presente convenio de colaboración.
- Que resulta de interese mutuo establecer un marco de colaboración que permita aos veciños e veciñas de Pantón acceder en condicións vantaxosas aos servizos ofrecidos polo balneario.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre o Concello de Pantón e Iberik Augas Santas Balneario & Golf para que os veciños e veciñas do municipio podan desfrutar en condicións preferentes dos servizos ofrecidos polo balneario, co fin de promover hábitos de vida saudables e o benestar da cidadanía.

SEGUNDA. Beneficiarios

Poderán acollerse ás vantaxes recollidas neste convenio todas aquelas persoas que estean debidamente empadroadas no Concello de Pantón e acrediten esta circunstancia mediante certificado de empadroamento actualizado.

TERCEIRA. Condicións económicas

3.1. As persoas adultas empadroadas no Concello de Pantón poderán desfrutar do circuíto termal que ofrece este balneario por un importe de 15 €.

3.2. No caso de nenos e nenas menores de 12 anos empadroados neste Concello, o prezo deste servizo será de 10 €.

3.3. Nos servizos de técnicas termais que ofrece a empresa Iberik Augas Santas Balneario & Golf, os veciños e veciñas deste Concello terán un desconto do 20 % sobre o custo total.

CUARTA. Condicións de aplicación

4.1. Os descontos e condicións preferentes serán aplicables de luns a venres, sempre que non coincida en día festivo.

4.2. Para obter estes descontos será imprescindible reserva previa e a presentación do certificado de empadroamento debidamente actualizado (con data de expedición non superior a tres meses).

4.3. O incumprimento das condicións de acceso facultará á empresa para denegar o servizo nas condicións preferentes establecidas.

QUINTA. Obrigas do Concello de Pantón

5.1. Difundir entre a poboación do municipio a existencia deste convenio e as condicións de acceso aos servizos.

5.2. Facilitar aos beneficiarios os certificados de empadroamento necesarios para acreditar a súa condición de veciños do municipio.

5.3. Velar polo adecuado uso das instalacións por parte dos beneficiarios do convenio.

SEXTA. Obrigas de Iberik Augas Santas Balneario & Golf

6.1. Aplicar as tarifas reducidas e descontos establecidos neste convenio aos veciños e veciñas de Pantón que acrediten debidamente a súa condición.

6.2. Garantir a calidade dos servizos prestados e o mantemento das instalacións en óptimas condicións de uso, seguridade e hixiene.

6.3. Dispoñer dun sistema de reservas que permita aos beneficiarios acceder aos servizos nas condicións pactadas.

6.4. Informar ao Concello con antelación suficiente de calquera modificación substancial nos servizos ofrecidos ou nas condicións de acceso ás instalacións.

SÉTIMA. Vixencia do convenio

O presente convenio terá unha duración dun ano, contado desde a data da súa sinatura, e prorrogarase automaticamente por períodos anuais, salvo denuncia expresa de calquera das partes comunicada con polo menos tres meses de antelación á data de vencemento.

OITAVA. Modificación do convenio

A modificación do presente convenio requirirá o acordo expreso de ambas partes e deberá formalizarse por escrito mediante a subscripción dunha adenda ao convenio ou dun novo convenio que substitúa ao anterior.

NOVENA. Causas de resolución

O convenio poderá resolverse por calquera das seguintes causas:

a) Mutuo acordo das partes.

b) Denuncia de calquera das partes, comunicada por escrito cunha antelación mínima de tres meses.

c) Incumprimento grave das obrigas establecidas no presente convenio por calquera das partes.

d) Imposibilidade sobrevida do cumprimento do obxecto do convenio.

DÉCIMA. Protección de datos de carácter persoal

10.1. As partes comprométense ao cumprimento das obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (RXPd), e da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

10.2. Cada parte será responsable do tratamento dos datos persoais que xestione no exercicio das súas funcións derivadas deste convenio, adoptando as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade dos datos.

10.3. Os datos persoais dos beneficiarios serán tratados exclusivamente para a finalidade de xestionar o acceso aos servizos obxecto deste convenio, e non poderán ser cedidos a terceiros sen o consentimento expreso dos interesados, salvo obriga legal.

DÉCIMO PRIMEIRA. Réxime xurídico e natureza

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e polas demais normas de dereito administrativo que resulten de aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA. Interpretación e seguimento

12.1. As dúbidas que poidan xurdir sobre a interpretación, execución e cumprimento do presente convenio resolveranse de mutuo acordo entre as partes.

12.2. As partes designarán, se o consideran necesario, unha Comisión de Seguimento paritaria, composta por dous representantes de cada parte, que velará polo correcto cumprimento do convenio e resolverá as incidencias que poidan xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO TERCEIRA. Xurisdición competente

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio, e que non poidan ser resoltas de mutuo acordo, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

DÉCIMO CUARTA. Publicidade e rexistro

De conformidade co establecido no artigo 48.8 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o presente convenio será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e será comunicado ao Rexistro de Convenios competente para a súa inscrición, así como ao Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal.

DÉCIMO QUINTA. Transparencia e publicidade activa

En cumprimento da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, o presente convenio publicarase no portal de transparencia do Concello de Pantón.

E en proba de conformidade cos termos expostos, asinan o presente convenio por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data ao principio indicados.

POLO CONCELLO DE PANTÓN

José Luis Álvarez Blanco

Alcalde-Presidente

POR IBERIK AUGAS SANTAS BALNEARIO & GOLF

Santiago Villanueva Falque

Representante legal

Pantón, 4 de febreiro de 2026.- O alcalde-presidente, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0461

XERMADE*Anuncio***Establecemento prezo público Conmemoración Día da Muller**

En cumprimento do disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que pola Xunta de Goberno Local do 19/02/2026 aprobouse o establecemento do prezo público pola asistencia á Conmemoración do Día da Muller o 7 de marzo de 2026, co seguinte detalle:

- 0,00euros as asistentes de 0 a 6 anos
- 12,50euros as asistentes de 6 a 12 anos
- 25,00euros as asistentes empadroadas
- 30,00euros as asistentes non empadroadas

Xermade, 20 de febreiro de 2026.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0462

*Anuncio***PUBLICACIÓN PADRÓN SAF MES XANEIRO DE 2026.**

Pola Xunta de Goberno Local do 19/02/2026 aprobouse o padrón correspondente o mes de XANEIRO DE 2026, da taxa da prestación do servizo de axuda a domicilio.

Dito Padrón queda exposto ó público nas oficinas económicas municipais durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP. Dito anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA).

A data de cargo dos recibos domiciliados será a 05/03/2026.

Xermade, 19 de febreiro de 2026.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0463

XOVE*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía núm. 2026-0170 de data 9 de febreiro de 2026, aprobáronse os Padróns do Prezo Público pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre (ioga, bolillos e bordado, ximnasia de mantemento, pilates e aerobic e xovesperta) correspondentes a mensualidade de febreiro de 2026.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 16 de febreiro de 2026 ata 15 de abril de 2026; o ingreso efectuarase preferentemente mediante domiciliación bancaria ou, no seu defecto, en calquera oficina de Abanca ou Banco Santander no seu horario de atención ao público, tal e como dispón o artigo 6 do Acordo Regulador pola realización de actividades de conciliación, formativas, de ocio e tempo libre do Concello de Xove.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 9 de febreiro de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0464
